

## RESOLUCIÓN REITORAL POLA QUE SE APROBA A NORMA SOBRE O POSTO INFORMÁTICO DE TRABALLO

Esta norma regula o uso do posto informático de traballo en desenvolvemento do indicado no [Regulamento xeral de uso das TIC na Universidade da Coruña](#).

Para aquelas cuestións que non se explicitan neste documento, como o ámbito de aplicación, a supervisión e as medidas previstas no caso de incumprimento, estarase ao indicado no dito regulamento.

O posto informático de traballo está constituído polo ordenador de sobremesa ou portátil e os periféricos conectados a estes, caso de teclados, ratos, pantallas, impresoras, escáneres etc., que a UDC proporciona ao seu persoal. Inclúe tanto os equipos subministrados polo Servizo de Informática e Comunicacions (SIC) como os equipos adquiridos por outras vías.

### 1. Usos previstos

1. O posto informático de traballo é a ferramenta básica para o desenvolvemento das tarefas de carácter informático que o/a traballador/a da UDC deba realizar.

### 2. Medidas de seguridade

2. O posto informático de traballo deberá contar cun dos mecanismos de control de acceso recollidos na Norma sobre o control de acceso lóxico aos sistemas TIC da UDC.
3. O sistema operativo e as aplicacións instaladas deberán estar actualizados.
4. Deberá contar con mecanismos de defensa, permanentemente actualizados, fronte a código malicioso, como virus, vermes, *ransomware* etc. Utilizarase, preferentemente, a ferramenta antivirus corporativa.
5. Deberá configurarse para que se bloquee automaticamente tras 15 minutos de inactividade e requirirase a introdución de credenciais para desbloquealo.
6. Os equipos administrados polo Servizo de Informática e Comunicacions (SIC) contarán cas aplicacións de seguridade, inventario e xestión remota que se precisen para o seu mantemento axeitado, co fin de automatizar as tarefas indicadas anteriormente.
7. A persoa usuaria deberá bloquear o seu equipo cando vaia ausentarse do seu posto de traballo, aínda que sexa temporalmente.
8. A persoa usuaria deberá apagar o seu equipo ao finalizar a xornada laboral.
9. O almacenamento de información nos postos informáticos de traballo realizarase segundo o artigo 6.7 do [Regulamento xeral de uso das TIC](#).
10. O uso de portátiles que, contendo información da UDC, vaian saír das súas instalacións requirirá da autorización da Secretaría Xeral ou persoa en quen delegue. Estes equipos deberán estar adecuadamente inventariados, comunicarse calquera incidente relativo a eles e evitarse, na medida do posible, que conteñan claves de acceso a sistemas de información corporativos.
11. Nos repositorios dos navegadores web só se poderán almacenar contrasinais corporativos, mediante a función recordar contrasinal, ou certificados de sinatura electrónica sen protección da chave privada por contrasinal, en equipos que cumpran as medidas de seguridade indicadas nesta norma.

Código Seguro De Verificación	/tmMORaRe12nBGh6WCq3eA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Julio Ernesto Abalde Alonso - Reitor	Asinado	23/09/2020 14:55:22
Observacións		Páxina	1/3
Url De Verificación	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation//tmMORaRe12nBGh6WCq3eA==">https://sede.udc.gal/services/validation//tmMORaRe12nBGh6WCq3eA==</a>		



### 3. Administración do posto de traballo

12. No ámbito do persoal de administración e servizos (PAS) é responsabilidade do SIC a administración dos postos informáticos de traballo, incluído o hardware e software instalados, dos que manterá un inventario actualizado.
13. O SIC instalará e manterá o hardware e o software estandarizados co fin de lograr a máxima homoxeneidade nos postos de traballo.
14. En ámbitos distintos do do PAS a persoa usuaria poderá solicitar ao SIC a administración do seu posto informático.
15. No caso de que o SIC non administre o posto informático de traballo será o usuario o responsable de implantar as medidas de seguridade que se indican nesta norma e no [Regulamento xeral de uso das TIC na Universidade da Coruña](#).
16. Cando se realice unha contratación ou encargo de tarefas que inclúan a administración de postos informáticos de traballo a organizacións externas, deberán incluírse as cláusulas necesarias para esixir a aplicación das medidas de seguridade establecidas nesta norma.

### 4. Solicitudes

17. A instalación e configuración dun novo posto informático de traballo, a súa actualización hardware ou software e a instalación e configuración de periféricos requirirán dunha [solicitud](#) no portal de axuda dos servizos telemáticos da UDC, AxudaTIC.
18. As [incidencias](#) co posto informático de traballo deberán cursarse a través do mesmo portal.
19. O usuario deberá comunicar a baixa do posto informático de traballo cando deixe de utilizalo definitivamente, co obxecto de liberar os recursos que tivese asignados.

### 5. Usos non permitidos

Os seguintes son usos non permitidos do posto informático de traballo:

20. O acceso remoto ao posto informático a través de mecanismos distintos dos servizos de escritorio virtual VDI e de rede privada virtual segura, descritos na Norma sobre o uso dos servizos de acceso remoto. Calquera outro mecanismo deberá ser solicitado e aprobado polo Comité de Seguridade da Información da UDC.
21. A utilización de aplicacións que, pola súa natureza, poidan provocar o esgotamento de recursos do equipo ou a saturación da rede de comunicacións.
22. A conexión ao posto de traballo de dispositivos destinados a proporcionaren unha conexión a internet distinta da corporativa, salvo que estea fóra das dependencias da UDC.
23. A conexión do posto informático en rosetas distintas das asignadas polo SIC.
24. A utilización de programas ou contidos que vulneren a lexislación vixente en materia de propiedade intelectual.
25. A exhibición de contidos que puidesen ter carácter ofensivo, violento e, en xeral, aqueles que poidan atentar contra a dignidade das persoas.
26. O uso de calquera tipo de software malicioso.
27. A conexión ao equipo informático de dispositivos de almacenamento de información dos que se tiveran sospeitas de conter software malicioso.

<b>Código Seguro De Verificación</b>	/tmMORaRe12nBGh6WCq3eA==	<b>Estado</b>	<b>Data e hora</b>
<b>Asinado Por</b>	Julio Ernesto Abalde Alonso - Reitor	Asinado	23/09/2020 14:55:22
<b>Observacións</b>		<b>Páxina</b>	2/3
<b>Url De Verificación</b>	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation//tmMORaRe12nBGh6WCq3eA==">https://sede.udc.gal/services/validation//tmMORaRe12nBGh6WCq3eA==</a>		



28. Ademais do indicado nesta norma, deberase ter en conta o indicado no artigo 14 da [Normativa xeral relativa á protección de datos persoais na UDC](#) e mais no artigo 7 do [Regulamento xeral de uso das TIC na UDC](#).

## 6. Entrada en vigor

Esta norma entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no Taboleiro Electrónico Oficial da Universidade da Coruña.

<b>Código Seguro De Verificación</b>	/tmMORaRe12nBGh6WCq3eA==	<b>Estado</b>	<b>Data e hora</b>
<b>Asinado Por</b>	Julio Ernesto Abalde Alonso - Reitor	Asinado	23/09/2020 14:55:22
<b>Observacións</b>		<b>Páxina</b>	3/3
<b>Url De Verificación</b>	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation//tmMORaRe12nBGh6WCq3eA==">https://sede.udc.gal/services/validation//tmMORaRe12nBGh6WCq3eA==</a>		

